

## PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO POS + ADICIONAL 1/2023 DO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2023 E CONVOCATORIA.

### DISPOSICIÓN XERAIS

No Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 228 de 1 de decembro de 2022 publicáronse as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único dos concellos) POS+ 2023. Na Base 12 regúlase a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.

O Pleno da corporación municipal, na sesión ordinaria do 09 de febreiro de 2023, aprobou participar no plan provincial “POS+ ADICIONAL 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade. A achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios correspóndese cun importe de 111.152,04 euros, dos cales un total de 30.829,98 euros se destinan a axudas de respiro familiar e conciliación, atención a persoas sen fogar e para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables.

### 1ª.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto establecer procedemento e criterios para a concesión de axudas económicas de carácter non periódico de acordo cos principios de obxectividade, igualdade, concorrencia e publicidade e que son as contempladas nos apartados d), e) e h) do POS + ADICIONAL 1/2023:

- Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.
- Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes.
- Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables



A finalidade destas axudas é dar resposta urxente a situacións puntuais de necesidade derivada de gastos específicos relativos a necesidades básicas e outras situacións polas cales as persoas beneficiarias non poden sufragar os costes e outras destinadas para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais.

## 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Estas axudas poderán ser acollidas por persoas físicas ou xurídicas que reúnan a condición de persoa beneficiaria de acordo co establecido na Base 4ª.

## 3ª.- CRÉDITO PRESUPUESTARIO

O importe destinado a atender as solicitudes destas axudas ascende á contía de 30.829,98€ de acordo co seguinte:

| AXUDA  | APARTADO POS<br>+ 1/2023 | TIPO DE GASTO   | PARTIDA    | IMPORTE     |
|--------|--------------------------|---|------------|-------------|
| LIÑA 1 | d)                       | Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.   | 2311/48002 | 19.829,98 € |
| LIÑA 2 | e)                       | Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais. | 2311/48003 | 1.000 €     |
| LIÑA 3 | h)                       | Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que deberán cumprir os requisitos recollidos na base 6.2.b)  | 2311/48004 | 10.000 €    |



Este presuposto pode modificarse como resultado da asignación ou redistribución dos fondos para financiar estas axudas. No caso de esgotar algunha partida orzamentaria das liñas para as que se contemplan as axudas, poderá reasignarse orzamento doutra partida con crédito dispoñible.

#### **4ª.- PERSOAS BENEFICIARIAS**

As axudas están destinadas a aquelas persoas integradas nunha unidade de convivencia cuxos recursos resulten insuficientes para facer fronte a gastos específicos, de carácter ordinario ou extraordinario, necesarios para prever, evitar ou paliar situacións de exclusión social.

Para definir unidade de convivencia, vivenda ou aloxamento, estarase ao disposto no artigo 11 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas persoas que cumpran os requisitos establecidos na base 5ª desta convocatoria.

Terán condición de persoas destinatarias da axuda solicitada as persoas que formen parte da mesma unidade de convivencia que a titular.

#### **5ª.- REQUISITOS**

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nas bases da convocatoria aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos no momento da solicitude:

1.- Estar a unidade familiar empadroada con residencia efectiva no concello de Boiro durante 6 meses inmediatamente anteriores e continuados á data de presentación da solicitude.

Identifícase o concepto de unidade familiar co de unidade de convivencia referido na cláusula anterior.

2.- Que a unidade familiar non dispoña dos ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de necesidade para a que se solicita a axuda, tendo en conta o establecido na táboa que se presenta a continuación:



a) Axudas para respiro familiar e para a atención de persoas sen fogar, o límite de recursos económicos e a contía das axudas establécense segundo o IPREM anual vixente no 2023 (600 €/mensual e 7.200 €/anual para doce pagas), cun incremento do 0,5 veces o IPREM en cada tramo persoal:

| <b>Unidade de convivencia</b> | <b>Importe mensual</b><br>(límite de acumulación de recursos) |
|-------------------------------|---|
| 1 persoa 1,5 veces o IPREM    | 900 euros   |
| 2 persoas 2 veces o IPREM     | 1.200 euros   |
| 3 persoas 2,5 veces o IPREM   | 1.500 euros   |
| 4 persoas 3 veces o IPREM     | 1.800 euros   |
| 5 persoas 3,5 veces o IPREM   | 2.100 euros   |
| 6 persoas 4 veces o IPREM     | 2.400 euros   |

b) Para as axuda económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables deberán cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Que a súa renda ou a renda conxunta anual da unidade de convivencia a que pertenza sexa inferior ou igual ao 2 X IPREM de 14 pagas.  
Cando a súa unidade de convivencia estea formada por máis dunha persoa, o multiplicador de renda respecto ao índice IPREM de 14 pagas se incrementará en:
  - 0,5 por cada membro adicional maior de idade que conforme a unidade de convivencia
  - 0,75, por cada menor de idade da unidade de convivencia.
- Que a persoa consumidora ou todos os membros que teñen ingresos na unidade de convivencia sexan pensionistas do Sistema da Seguridade Social (xubilación ou incapacidade permanente) e perciban a contía mínima vixente en cada momento, para ditas clases de pensión, e non ter outros ingresos cuxa contía agregada anual supere os 500 euros.



- Que a persoa consumidora ou algún membro da súa unidade de convivencia sexa beneficiario do Ingreso mínimo vital, conforme ao establecido na Lei 29/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital.
- Que a persoa consumidora ou algún membro de súa unidade de convivencia sexa beneficiario ou sexa perceptor da RISGA, conforme ao establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Para o cálculo teranse en conta os ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante ou as persoas que constitúan a unidade familiar en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios por calquera outro concepto e outros ingresos efectivos.

Tamén se terá en conta o patrimonio neto da unidade familiar, sumando ó IPREM mensual da unidade de convivencia un 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Só en casos excepcionais e co informe da técnica de referencia que xustifique esta excepcionalidade, poderá superarse o límite de ingresos para o acceso ás axudas contempladas nas bases.

3.- Escolarización e asistencia regular ó centro educativo das persoas que forman parte da unidade familiar de convivencia en idade de escolarización obrigatoria. O concello de Boiro comprobará que non existe na súa base de datos expediente de absentismo escolar aberto.

Excepcionalmente quedarán excluídas do cumprimento destes requisitos aquelas persoas que, previa valoración do equipo técnico de servizos sociais acreditada mediante informe, presenten unha situación de especial vulnerabilidade social: dificultades para a cobertura das necesidades básicas, que non dispoñan de recursos suficientes para satisfacer as demandas que motivaron a solicitude da cobertura de necesidades establecidas nas bases da convocatoria ou aqueles casos nos que a axuda constituía un apoio para a consecución dos obxectivos establecidos no proxecto de intervención iniciado no departamento de servizos sociais.

## 6º.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR



- Anexo I. Solicitude da axuda
- DNI, pasaporte ou documentación acreditativa de identidade.
- Volante de empadramento da unidade familiar, sen prexuízo doutras alternativas que acrediten a convivencia (certificado de convivencia)
- Extracto de movementos bancarios de todas as contas correntes da unidade de convivencia, dos últimos doce meses.
- No caso de non poder acreditar documentalmente os ingresos económicos da unidade familiar deberase presentar declaración xurada deste feito así coma dos ingresos mensuais da unidade familiar.
- Copia do IBI, contrato de aluguer ou copia da factura/recibo no caso de residir en establecemento hostaleiro, pensión ou casa particular en réxime de pensión.
- Outros gastos xustificativos da situación de necesidade (débedas, hipotecas, créditos, etc)
- Rendementos de traballo, nóminas ou ingresos derivados da percepción de pensións ou de prestacións públicas ou privadas tanto españolas coma do estranxeiro.
- Presuposto do gasto, agás nos casos derivados de intervención municipal en situación de emerxencia nos que non é posible a previsión do valor económico que vai supoñer a mesma.
- Outra documentación xustificativa de circunstancias excepcionais que acrediten a condición de vulnerabilidade e/ou risco de excusión social en base ao artigo 3 da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia.

## 7ª.- TIPOLOXÍA E CONTÍA DAS AXUDAS

1.- Poderán solicitarse axudas para os seguintes conceptos:

**LIÑA 1:** Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas e conciliación.

**LIÑA 2:** Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.

**LIÑA 3:** Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que deberán cumprir os requisitos recollidos nesta base 6.2.b.



2.- Poderán realizarse varias solicitudes dentro da mesma unidade familiar sempre e cando a suma dos conceptos por unidade familiar, incluído o fondo de emerxencia social municipal, non supere límite da contía da axuda establecida para cada liña.

3.- A concesión destas axudas queda suxeita á existencia de crédito consignado para esta finalidade na dotación orzamentaria establecida e que ascende a un total de 30.829,98 €, tal e coma se recolle na cláusula 3ª.

4.- A contía da axuda cubrirá o 100% do gasto ata o tope máximo de 1.400 € para as axudas económicas para respiro familiar; para as axudas de atención a persoas sen fogar e as axudas para gastos de consumo enerxético o máximo ascenderá a 1.000 €.

5.- A técnica de referencia realizará unha labor de orientación sobre a estimación do presuposto de gasto en base ás necesidades da persoa beneficiaria obxecto da solicitude. O Concello de Boiro resérvase o dereito de modificar o presuposto co fin de optimizar os recursos subvencionables e dar cobertura ao maior número de peticións.

## 8ª.- INCOMPATIBILIDADES

As axudas vinculadas ao POS + Adicional para gastos sociais extraordinarios non serán compatibles con outras solicitudes ou concesións de axudas simultáneas para a prestación do mesmo concepto.

## 9ª.- SOLICITUDES: FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A solicitude formularase no modelo (anexo I) que estará a disposición das persoas interesadas no Departamento de Servizos Sociais do Concello, e presentarse no Rexistro Xeral Municipal.

A solicitude acompañarase da documentación necesaria para xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos, recollida na base 7ª desta convocatoria.

O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o **15 de decembro de 2023**, en tanto non se remate a consignación orzamentaria prevista para cada liña de axudas.



As solicitudes atenderanse segundo vaian tendo entrada no rexistro municipal e unha vez tramitado o procedemento establecido na cláusula 11<sup>a</sup>, ata que se esgote a consignación orzamentaria prevista.

#### **10<sup>a</sup>.- COMPROMISOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

- Destinar a contía das axudas para o fin que foron concedidas.
- Presentar un presuposto axustado ás necesidades e ó principio de consumo responsable.
- Permitir e facilitar a labor do persoal técnico designado para verificar a súa situación familiar e económica.
- Xustificar a axuda solicitada.
- Conservar os documentos xustificativos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación.

#### **11<sup>a</sup>.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN**

Unha vez recibida a solicitude no departamento de Servizos Sociais elaborárase un informe-proposta que se elevará á Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da intervención para a súa aprobación.

O acordo notificarase á persoa interesada mediante o procedemento legalmente establecido, para que proceda á xustificación do gasto subvencionado nos casos que corresponda.

#### **12<sup>a</sup>.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E COBRO DAS AXUDAS**

As persoas beneficiarias da subvención deberán presentar a documentación acreditativa do gasto subvencionado ata o 31 de decembro de 2023.

Unha vez aprobada a subvención, a persoa interesada presentará mediante o formulario (ANEXO II) no Rexistro Xeral Municipal a xustificación do gasto e incluírá:

- Factura do gasto realizado que deberá cumprir os requisitos marcados no artigo 6 e 7 do RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.





- Certificado do número de conta bancaria da persoa ou entidade que emite a factura.
- Autorización do pago delegado á persoa ou entidade proveedora.
- Declaración de axudas recibidas para a mesma finalidade.
- Comprometerse a dar publicidade do carácter público desta axuda.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria sinalada no pago delegado.

#### **14ª.- REINTEGRO DAS AXUDAS E RÉXIME SANCIONADOR**

O réxime de infraccións e sancións será o establecido na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A persoa beneficiaria procederá ó reintegro do total ou parcial das cantidades percibidas dende o momento do pago da axuda nos seguintes casos :

- Incumprimento da finalidade para a que foi outorgada a axuda.
- Obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas, ocultación ou falsidade documental.

#### **DISPOSICIÓNS FINAIS**

Para o previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015 do Réxime xurídico do sector e demais normativa de réxime local aplicable.

O concelleiro de servizos sociais en funcións,

Raúl Romero Treus

asinado dixitalmente á marxe



## ANEXO I

### SOLICITUDE DAS AXUDAS DO POS + ADICIONAL 1/2023 DO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE   |  |                |             |
|---|--|----------------|-------------|
| APELIDOS  |  | NOME           |             |
|   |  |                |             |
| Correo electrónico  | DNI  | Data nacemento | Nº teléfono |
|   |  |                |             |
| Enderezo  |  |                |             |
|   |  |                |             |
| MODALIDADE DE AXUDA QUE SOLICITA  |  |                |             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>LIÑA 1: Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas e conciliación.</li> <li>LIÑA 2: Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</li> <li>LIÑA 3: Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que deberán cumprir os requisitos recollidos na base 6.2.b)</li> </ul> |  |                |             |
| DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA  |  |                |             |
|   | DNI, pasaporte ou documentación acreditativa de identidade.  |                |             |
|   | Volante de empadramento da unidade familiar ou certificado de convivencia.   |                |             |
|   | Extracto de movementos bancarios de todas as contas correntes da unidade de convivencia, dos últimos doce meses.   |                |             |
|   | No caso de non poder acreditar os movementos bancarios, declaración xurada dos ingresos económicos mensuais da unidade familiar.                               |                |             |
|   | Copia do IBI, contrato de aluguer ou copia da factura/recibo no caso de residir en establecemento hostaleiro, pensión ou casa particular en réxime de pensión. |                |             |



|   |  |
|---|--|
|   | Outros gastos xustificativos da situación de necesidade (débedas, hipotecas, créditos, etc).   |
|   | Rendementos de traballo, nóminas ou ingresos derivados da percepción de pensións ou de prestacións públicas ou privadas tanto españolas coma do estranxeiro. |
|   | Presuposto do gasto.   |
|   | Outra documentación xustificativa de circunstancias excepcionais que acrediten a condición de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social:<br>-<br>-<br>- |
| <p>Boiro, ..... de ..... de 2023.</p> <p style="text-align: right;">A persoa solicitante / pai / nai ou titor/a legal.</p> <p style="text-align: right;">Asdo.: _____</p> |  |

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO**



## ANEXO II

### XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS DO POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE  |     |                |             |
|--|-----|----------------|-------------|
| APELIDOS   |     | NOME           |             |
|  |     |                |             |
| Correo electrónico   | DNI | Data nacemento | Nº teléfono |
|  |     |                |             |
| Enderezo   |     |                |             |
| EXPÓN  |     |                |             |
| <p>- Que ten concedida unha axuda para a seguinte finalidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>LIÑA 1: Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas e conciliación.</li> <li>LIÑA 2: Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</li> <li>LIÑA 3: Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que deberán cumprir os requisitos recollidos na base 6.2.b)</li> </ul> <p>- Que acompaña a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Factura do gasto realizado.</li> <li>Certificado do número de conta bancaria da persoa ou entidade que emite a factura.</li> <li>Autorización do pago delegado á persoa ou entidade provedora.</li> </ul> |     |                |             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Declaro que non recibín axudas para a mesma finalidade e polo tanto as facturas xustificativas da subvención non foron utilizadas como xustificación en ningunha outra axuda.</li> <li>Comprométome a dar publicidade do carácter público desta axuda.</li> </ul>   |     |                |             |
| <b>SOLICITA</b>  |     |                |             |



Que se teña en conta a xustificación presentada e se proceda ao pagamento da subvención concedida.

Boiro, ..... de ..... de 2023.

A persoa solicitante / pai / nai ou titor/a legal.

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO**

